

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 69

A CRUÑA 15 DE OCTUBRE DE 1918

## O VERGOŃOSO PLEITO DO FERROCARRIL DA COSTA

# GALICIA SOPRE O CASTIGO DE SÍSIFO

¿SOMOS ESPAÑOLES OS GALLEGOS? — A MENTIRA DA RENOVACIÓN DA ESPAÑA

Temos perto dos nosos ollos o extracto do discurso pronunciado polo señor Cambó en Gijón, cando na compañía dos Reis foi a Asturias para lembrar o centenario de Covadonga. Naquele discurso ven dicirnos o ministro de Fomento que *os ferrocarrís non poden ser considerados como negocios de empresas, senón como servicios nacionaes*. Também perto dos nosos ollos temos cartas nas que se reflicha unha triste impresión producida no espírito dos que en nome das Juntas permanentes de Ferrol e Gijón falaban con o señor Cambó sobre o ferrocarril da costa. *Deixounos frío o ministro de Fomento con as suas palabras*— din os que con él falaban representando moitos povos de Galicia e Asturias.

E ¿por qué deixounos fríos? Pois porque singelamente lles manifestou que aquele ferrocarril resultaba moi costoso e non se tiña esperanza de que fose viable.

¿Tu quoque? O señor Cambó, que cando a Asamblela derradeira no Ferrol ofrecérase respondendo a rogos d'acó a apoiar as gestións necesarias para a construción da dita vía de ferro, agora vira con brusquedade. E nas suas palabras pon un triste *lasciate ogni speranza*.

¿Qué ocorreu aquí? ¿Qué mala fada pesa sobre nós? Fal perto de meo século que o litoral do norte de Galicia ven loitando por conseguir o seu ferrocarril, mais inutilmente. Desde fai perto de meo século, hoje unha esperanza, maíña unha desilusión. Cando créndonos no cume, cando, rolando outra vez con os nosos entusiasmos e os nosos esforzos emagados para o chán. O castigo de Sísifo, non foi pior que o noso longo e perenne castigo.

Hoje voltamos a estar o mesmo que corenta anos atrás. Nen deron fruto as nosas Asamblelas da Veiga de Rabadeo e Ferrol, nen cantos traballos se teñen feito no curso de varios lustros. Mentras disfrutaban das ventajas dos camiños de ferro os rifeños e outros marroquís a conta dos certos saldos en parte dos fogares gallegos, d'onde saíron también os mozos que verteron seu sangue para que aqueles camiños polderan facerse, a costa de Galicia mais importante, chela de vilas e comarcas ricas, fica sen ferrocarril e sen melos modernos de desenrolo.

Costoso ou non, o camiño de ferro entre Ferrol e Gijón debeu ter sido o primeiro que se fixero na España, según afirmacións de técnicos sabios. Costoso ou non, pensándose seriamente na nacionalización das industrias españolas, agora mesmo veríamos já os traballos ativos para que fundase a presa aquela liña. Nen as industrias navales, nen as movilizacións de soldados, nen as forzas contributivas poden progresar europeamente, mentras vivan no isolamento mais vergoñoso os povos da costa de Asturias e Galicia. Porque o noso ferrocarril afecta á quinta parte dos habitantes da España e sería meo de comunicación con Portugal e Francia.

Mais non fai falla razonar. Fartos de razón, temos que saírnos da razón, pois e preciso. Chelos de razón bultráronse de nós. Chelos de indignación, de carraje, de ira, escoltaránnos millor.

Chegou o momento de perguntar, se como nos documentos antigos os de por acó seguimos sendo unhos homes a quenes *os españoles nos chaman gallegos de nación*. Chegou o momento de preguntarnos se non teríamos ja o ferrocarril fai moitos anos *chamándonos ingleses, franceses, portugueses* nós a nosoutros mesmos. Chegou o momento de persarmos naquela frase de Joaquín Costa: pobre España se os seus fillos acaban crendo que non e negocio ser españoles. (E Costa falaba algúns anos antes da guerra europea)

### CADRO BRANCO

*Unha das cousas porque era Cambó mais admirado como Ministro, foi pol-a facilidade conque modificaba un proxeyto de ley tan axiña como lle amostraban que doutro xeito estaría mellor; mentras os mais Ministros faciano todo custion de amor propio e que se amolase a realidade; o amor propio del, estaba en recoller totalas iniciativas pra que as cousas saíran mellor.*

*Cambó lle non bastou a informazon Parlamentaria, acudiu á nazonal como foi co proxeyto de Instituto Agrario.*

*Os diarios nazonalistas en Cataluña seguiron este camiño até o punto de que a Veu publicou todol-os telegramas que se lle dirixiron a Cambó desde Barcelona protestando contró proxeyto de defesa do arborado e pedindo unha informazon e a modificación do primitivo proxeyto como eisí fixo.*

### CADRO MOURO

*Cambó fixo o proxeyto do Instituto Nazonal Agrario basándose nos pósitos, e, reconocendo él que o problema era moi diferente nas diversas terras de España, abriu unha informazon pública que finou o 15 do derradeiro mes de Setembre.*

*Cambó quería ouvir a todos e jaguer despois o proxeyto definitivo.*

*De Galicia acudino varias Sociedades Agrarias decindo que como en Galicia non hay Pósitos o proxeyto non nos sirve; que nos, pol-os defectos da titulación, precisamos creto personal a base da responsabilidade de oito labregos ou de Sindicatos, e prenda sin desplazamento e outras cousas mais que no proxeyto non hay.*

*Sabemos que deste informe mandouselle un exemplar ao diario da Cruña o Noroeste, e, que, por medo a que lle parecera mal ao Sr. Cambó, o non quixo publicar.*

*O que lle ten que parecer mal ó lieder catalán e dórle noxo e que nun diario que se di galeguista non se atreven a criticarlle proxeytos que él pide de javor que lle critiquen ca dureza que a realidade eisixo.*

*Francamente: se o galeguismo estivera representado por certos tipos era cousa de que nós choráramos e toda España rira a faltar.*

Non é razón a do que o ferrocarril da costa seja costoso. A civilización o impón. O século XX reclamao. Mas inda hai argumentos de forza para demostrar que o custo e o de menos. Porque cen melos ten o estado centralista dos que votar máis, sen gravar o presuposto xeral, para construír á presa, aquel camiño de ferro. Un empréstito galalco-asturlano, verbigracia. Ou un imposto sobre a propiedade, quizais millor. A propiedade e a que máis directamente beneficia con os ferrocarris. Pois o imposto, transitorio, podría ser de dúas categorías: unha maior, para a propiedade situada ao redor de vinte kilómetros da liña; outra, menor, para a situada entre os vinte e os trinta. Nengún imposto máis lóxico. E con él tería o Goberno central millóns sobrados para facer a obra. Un home práctico, verdadeiro xenio industrial da nosa terra, déunos esta idea.

Na España onde se concedeu a Mancomunidade catalana por decreto e o depósito franco a Cádiz, tamén por decreto, ¿qué perigo habería en chegar a establecer aquel imposto? Levado ás Cortes o pleito, ¿quién atreveríase a oporse á súa aprobación?

Non; o ferrocarril da costa non se fai, por que algo negro, inconfesable, lle pon o veto. ¿As Empresas de cabotage? ¿A do Norte? ¿Os políticos abogados conselleiros de Compañías? Esto temos que averigüalo, esto temos que afogalo, con a nosa dignidá de homes do século XX posta ao servizo do porvir da terra e do pan dos nos fillos.

Nós, lembrámonos das nosas profecías de sempre, das que os ferroláns poden ser testigos: Nunca nos vimos cansos de declr—logo de termos asinalado todas aquelas sospeltas— que o ferrocarril da costa se non facería polos deputados, os políticos e os gobernos: faceríase polos povos interesados, cando estos povos, adoptando xistos radicaes e revolucionarios—tómense no senso que se queira estas palabras—obligasen, forzasen aos deputados, aos políticos e aos gobernos a ser patriotas, a ser europeos e a pospoñer o interés privado á razón pública.

Os homes, serios, graves, pacíficos, guvernaméntaes, gallegos e asturlanos, que tantas garrafas de auga fría levan votado por riba de nós, fracasaron de raíz. Teñen, se queren ser útiles, que rectificar o seu erro, para poñerse a nosa beira.

Teñen que pedir con nosco a berros, con os puños pechados pola carrage, que dunha vez fique resolto o pleito.

Asquihit, o primeiro ministro inglés, pouco antes da guerra, dixon nun discurso: Só pódese e débese sentir a patria, cando a patria espalla o benestar entre os homes que integran aquela. Entón, tamén, dixera cousa semellante García Prieto na vella Compostela.

Por iso, agora, quenes levan a representación de Galicia neste pleito, o primeiro que teñen que perguntar ao Estado centralista e se Galicia pode ou non seguir sendo española—¡oh divina Rosalía!

O caso do ferrocarril da costa e unha repetición vergoñosa do vergoñoso caso do ferrocarril central da Isla de Cuba. A historia noxenta e antipatriótica vense repetindo.

¿Quién sabe se Norteamérica que ajudou a Cuba terá que ayudarnos tamén aos gallegos? Pensemos moito neste...

Escravos indignos, homes inclivís, capados e borregos serán aqueles gallegos dos povos aos que afelta o ferrocarril da costa, que non se poñan en pe e non empresten o seu esforzo para conquistar un porvir luminoso que se nos nega, por cousas inconfesables e turbas.

Non é Cambó, non son os políticos quenes daránnos o camiño de ferro que por dereito propio nos corresponde. E o povo, e o querer público, fonte da que delta nos povos livres o poder público.

Unha Galicia redimida por Cambó ou por calquer outro político, tería de ser un feuto con falsa liberdade. Galicia ten que ser redimida, ou se non redimirá endexamais, por Galicia mesma.

Vexian, pois, cárceas, persecucións, pero imposíamos o ferrocarril da costa. Surda a cruzada rija. Millor que endeusar homes, ergamos os povos.

Comenza unha nova época. Epoca de agitación, de mítins, asamblelas, revoltas. Senon, ¡vivan as cadeas!

A. VILLAR PONTE.

#### FIXANDO PUNTOS

### A GRANDE MINSION GALEGA

De todas as nacionalidades que integran a península, ningunha como a nosa ten de sere tan precisa pr'ó abrangemento da Iberia con que soñan os nacionalistas de todas as terras ibéricas. Galicia, pol-a súa vida, pol-o seu carácter, pol-as súas condicións naturais, forzosamente, ineludiblemente ten de sere a base da reconciliación definitiva entre as terras da antiga Lusitania e as demais terras peninsulares. Ela, solo ela, a nosa patria, pode ollar a Portugal con agrado, con amore, sin qu'ista ollada desperte recelos entre a xente lusa. Porque si ben é certo que Galicia, ó igual d'outras terras da península, fixo de cote o vergoñoso papel de comparsa, sempre que d'aldraxar a Portugal se tratou; non por iso é menos certo qu'a Galicia que tal fixo era aquela Gallicastelanizada, aquela Galicia de costas a si mesma, sin alma, parodia ridícula do flamenquismo e da chulapería castelans, que degradada e afundida na mais vil das abyeccións, solo sabía bailar, de xeito automático, ó son do pandeiro que Castela tocaba. E Castela—ó declr Castela xa se sabe que falamos das terras reselladas có cuño do seu idioma—non perdónou endexamais a Portugal a súa léxítima rebelión...

Mais agora as cousas vense trocando. Oxe nos povos, nas nacionalidades ibéricas, foise despertando o sentimento das reivindicacións autonómicas ó propio tempo que s'iniciou a revisión dos valores colectivos propios en cada nacionalidade. E isto fixo surxir en todas

elas a simpatía viva por aquelas heróicas, valentes, dignas do exemplo, que souperon manterse ergueitas, sin acutar o acatamento d'heremonías estranas que, ademais d'asoballar mortificando, implican a perda da sagra liberdade. Por todo iso o valor Lusitania foise reivindicando, faguéndose cada vez máis estimable. Entramentres qu'as noxentas léndas portuguesas, que Castela perfidamente espallou, foron perdendo terreo nas nacionalidades cultas, europeas, ficando aínda, anque esvaídas, espalladas pol-as terras do centro.

Cataluña foi a primeira, forza é confesalo, qu'amostrou unha forte corrente de lusofilia nada no seu selo. Houbo momentos en qu' unha forte corrente espiritual, puleando por derriba de toda España, estreitou ós dous grandes povos ibéricos. E, antrementres isto sucedía, todo o resto da península celebraba coas risadas da idiotéz e do embrutecemento as calofías e as bulras noxentas que, na vila podre, fabricábanse a cotío, a propósito de Portugal e dos portugueses. De Cataluña, pois, parteu a primeira ollada seria e a primeira mostra de consideiración pra Portugal. A eunequería e a crasísima ignoranza galega foron causa de que non-os coupese a nós iste honor. E como de Cataluña saíron tamén os primeiros berros nacionalistas—precisamente isto foi o que trouxo como secuela natural o outro—a Cataluña débenlle as terras lusitanas o troque de sentimentos, referentes a elas, máis alá das súas fronteiras.

Galicia que, de momento pol-o menos, debe o seu despertar ao exemplo e a influencia de Cataluña, escomeza xa a decatarse de que máis alá do Miño existe un pobo no que bulen algo máis qu'as semellanzas d' unha vecindade moi preta. Galicia empeza a sabere que n-aquelas terras mora un pobo d'irmans que solo o capricho e as fatales ironías da sorte, puideron faguer eistranxeiros sin selo. E sabendo todo isto, e decatándose de todo isto e pol-o que o galeguismo val orientando a su actuación coá mirada posta en Portugal. Y-eisí o galeguismo pensa, non solamente en faguer unha obra de reivindicación e de xustiza, sinón tamén na misión trascendental qu'a Galicia lle está encomendada pol-a poderosísima razón da súa innegable irmandade coá veciña Lusitania.

A nosa patria, pois, ten entre todas as terras ibéricas a misión máis outa, máis escollida, máis honrosa qu'exercer. Ela, e solo ela, e a chamada a servir de base d'acoplamento, de vertebración do Estado portugués ós d'ifrentes estados peninsulares, entre eles Galicia, que teñen de compór o futuro Super-estado—Estado d'estados—Ibérico. E ista arela, qu'oxe levamos no peito todol-os nacionalistas gallegos e cóos galegos os das demais nacionalidades ibéricas, non desaparecerá pra faguer posto á realidade até qu'a patria nosa, qu'a Galicia sexa ollada por Portugal, celbe e dona de si mesma; sin asoballamentos e sin imposicións alleas. Con unha garantía semellante—a mellor—Portugal avirase ó que, d'outro xeito, non s'ollará endexamais. R.

## VERBAS DUN LOITADOR

## CAMBÓ NON TEN A CULPA

Na derradeira A NOSA TERRA falase craro d'unha cousa que a Irmandade da Fala deiquí tratou de pór moi crariña na nota publicada sobros resultados da semana rexionalista do Debate.

Pensamos destonces que se faguian movementos rodeando as Irmandades pras envolver cos catalás ou contrós catalás.

Se ibamos cós catalás, as esquerdas diríannos: «estades entregados a un partido plutocrático»: os caciques: «facédesnos servos de Barcelona»; as dereitas: «non queremos tratos con xentes que reservan a súa opinión en custións relixiosas»...

Se deciamos: «non temos trato ningún cós catalás, mais ben berramos co eles»... as dereitas queríannos envolver nas redes da súa semana; as esquerdas esquirbirían a Madri a ver que mandaba faguer algun plutócrata do pensamento socialista; os caciques dirían: «vedes que xentes son istas: xa berraron cos catalás; xa non contan ca axuda de ninguen»... e quitariannos forza moral.

Destonces a Irmandade de Santiago esquirbiu unha nota axeitada á realidade, non ben entendida por todos, pro que cada día se ha de ir lendo mellor.

Tentame a ocasion a comentala:

Cambó non e noso xefe: e o lider do nazionalismo catalán aliado noso. (Penso que está ben craro e que non debemos sair, nin sairemos de tal xeito; nin pra fundirnos nun partido; nin pra arredarnos. Aliados e nada mais, con todo o respecto, a lealtade, e a axuda mutua que a verba leva en si.

Xamais pretendeu dirixir a nosa constitución e vida, nin nós a do catalanismo. (Foi admirable a corrección do Sr. Cambó. A min (e falei moito co él), non me preguntou si era republican ou monárquico, da dreita ou da esquerda. No noso programa galeguista non puxo, nin quixo pór as mans pra nada.

«Respetámonos e axudámonos mutuamente»...—Así o fixemos e o faremos. Por iso fan o burro os que nos veñen conque si os elementos da «Lliga», son plutocráticos. ¿E a nos qué? Non temos trato ningún feito respecto ás guías da dereita ou da esquerda, o influxo capitalista ou obreirista. Se nós fóramos ás Cortes estaríamos cos catalás y os vascos, ó tratarse das autonomías, das linguas, do problema nazionalista nunha verba. Pra o mais temos as nosas maneiras de ver que moitas veces non cadrarán cas dos catalás e vascos, e, si acaso, entre nós mesmos cada un iría por onde lle tirase o seu sentido.

Non fai moitos días, con ocasión do preito das delegacións, esquirbin ó Sr. Cambó e decialle: «iso convencerá a vostede, a toda Cataluña, como ten que convencer a toda a nova Galicia, de que cada ves e mais precisa e ten que ser mais forte a interdependencia na custión da autonomía; que vostedes sin o noso trunfo nona teran, como nos na lograremos se vostedes non van arriba»...

Así vin eu sempre esto e sigoo vendo, e penso que o paso mais contrario sería o de berrar us cos outros dando creto a críticas interesadas, a personalismos ou a autitudes de empresas mui donas dos seu cartos.

E sigo copeando:

«Cambó ten demasiado talento pra incurrir na tontería de pretender mandarnos»... Evidente. Iso podíaselles ocorrer a outros doutros partidos; mais Cambó, nazionalista se os hay, home da nova política, non podía cair en tal erro él que sabe moi ben que o noso problema, como o catalán, é de propia personalidade, e que pra conquerila pódenos valer moito a axuda dos catalás; mais nacería morta se obedecera, non á nosa rexa voutade de a crear, senon á orde dun alleo.

«Cambó nin siquiera veu a Galicia a facer unha semana galega. A semana galega fixémosla os galeguistas en Barcelona, expondo o noso programa libremente. Os catalás viñeron eiquí a facer unha semana catalá sin meterse pra nada no noso programa.»

Todas istas son verdades evidentes que ningún galeguista pode esquencer.

Añadimos: «Naide se chame a engado: o galeguismo concerta alianzas; pro non aguantan xefaturas, nin catalás nin madrileñas, nin da dreita nin da esquerda. Ten o seu Directorio constituído por galegos y-as portas abertas, e non acetou nin acetará endexamais mandos alleos a Galicia.»

Penso que as afirmacións son terminantes. Non se di tampouco que teñamos xefaturas galegas dunha soila persoa. Dise que hay organizazóns, e coma en todas, hay xuntas que dirixen no que lles encomendan que fagan os votos dos mais.

Unha das felicitacións que recibiu a Irmandade de Santiago cando fixo público este acordo foi do Sr. Cambó; un dos diarios que acolleu con agarimo e comentou, e loubou e aprobou foi a «Veu de Catalunya»; logo non hay nada que criticar nos catalás. Non temos dereito a meternos en se son ou non plutócratas.

Non han dir eles a ver se nós temos mariñeiros e labradores no partido.

Unenos a interdependencia, a solidaridade pra conquerir a autonomía; o desexo de que os vellos partidos non volvan a gobernar; a ansia de renovar os sistemas políticos de España.

Esta alianza de catalás e galegos, firmada en Barcelona, irá adiante sexa como queira sin chegar endexamais a mesturanzas; penso que tamen sin rompimentos.

\*\*

Mais Cambó ten diversos aspectos: no Poder decatouse toda España do seu grande talento, e esto fará que Cambó con varias características se vexa no caso—penso eu—de tere relacións de tres crases:

a) Lider do nazionalismo catalán, e coma tal en relacións de alianza con vascos e galeguistas.

b) Co mesmo carácter, relación cos re-

xionalistas de Castela, Aragon, Extremadura, etc., que non teñen un problema de personalidade completa (xa que estan identificados con Castela en fala e costumes) senon de descentralización administrativa. Deste partido pode ser cuasi xefe o Sr. Cambó porque será un partido que comprenda xentes de mais de media España.

c) Partido comboísta. Anque no queira o Sr. Cambó, nin'o desexe, o seu prestixio de gobernante bo, ha de faguer que a él acudan elementos que non tendo ideyas rexionalistas ningunas queiran unha de duas cousas:

Ou algo de reutilización e progreso na política de España, transixindo en troques co nazionalismo de Cambó.

Ou tomar boa postura arriandose a un sol que empeza a quentar de firme.

Disto partido terá que ser xefe por forza o Sr. Cambó.

\*\*

Eu son nazionalista galego; os que coma min discurran penso que non han querer cos catalás mais que relacións de alianza e axuda reciproca.

Mais si na Galiza non hay polo doxe nazionalistas abondo, felicitemonos de que vayan vindo os da descentralización administrativa, e hastrós do partido persoal do Sr. Cambó da primeira crase, é decir, por desexo de que xurda unha España nova.

Leña ós caciques e ós seus orgos na imprensa defensores dos ladróns das quintas.

Nós somos nós: temos as nosas organizacións e quixéramos ver con nós a todos os galegos. Mais si os hay que van a un partido persoal do Sr. Cambó, non e contra estas contra quen habemos de faguer que rachen os ventos fungando as nosas verbas—que diría o poeta—porque por non seren nazionalistas non se poiden acometer. O pensamento non delinque: ¿por qué lles vamos obrigar a decir o que non sinten?

E se teñen un xefe y-é Cambó, do mal o menos, porque Cambó e Cataluña son leyaes aliados do galeguismo.

LUIS PORTEIRO.

Santiago 6-IX-918.

## O P. Atanasio López e as Irmandades

O. P. Atanasio López, noso distinto amigo, imprentou nun folleto a notable conferencia, moito interesante, que deu na Juventude Antoniana de Padrón, sobre «A literatura crítico-histórica e o trovador Joan Rodríguez da Cámara».

O folleto merece ben figurar en todas as bibliotecas das persoas cultas e de bon gusto. Merece también unha gabanza sincera polo seu fondo regionalista. Mas nel, fábase das «Irmandades», e di o P. Atanasio, que inda sendo de louvar seus entusiasmos, leván ao seu parecer un camiño algo desajeitado. Por que escriben un gallego desigal, collido do povo que o corrompiu, e porque non se inspiran nos preciosos documentos antigos dos arquivos. Inda que él coída que temos que atender as dúas fontes. También recomenda moito os estudos históricos.

Ten razón o sabio franciscano. Mas a nosa labor, antes que de estilismo, é de facer homes

que sintan o idioma esquecido nas vilas que logo precisa estilización.

Apenas sen gramáticas nen dicionarios, unhas feixes de rapaces que foron educados no castelán, abondo facerán se deixan creado o amor ao noso idioma e con o seu exemplo logran que surdan amigos da historia e amigos do galego perfeccionado que se adiquen a traballar en ambas cousas. Cataluña inda ven perfeccionando agora o seu idioma. E nós para nosa fortuna temos unha escola sempre viva de lingua irmán, modernizado aló do Miño.

Primeiro e o bloque, logo a estatua. Cóstanles a moitos caro escribir en galego. Mas van escribindo, porque se lles publican os seus traballos, inda defectuosos.

\*\*\*

Polo demais, nós sabemos equilibrar a orientación clásica con a científica, que agora comenza a impoñerse. E pensamos que o regionalismo ibérico arrinca dun fondo geográfico.

Os elementos e factores generadores da conciencia nacional son no primeiro termo a comunidade do lugar geográfico do que nacen os costumes e a analogía de intereses e sentimentos.

Na creación e carácter do dreito, da lírica, da épica, da pintura, hai que concederlle,

pouco que se analice, maior intervención ao chán e ao clima que ao mesmo homen. A historia—di Dantón e Cereceda—é a auga que corre; a geografía o oculto depósito de onde deita, capaz de darlle seu carácter perdurabel.

Somente así explicase que a conciencia obxectiva da realidade regional superviva a todo subjetivismo de doutrina ou de escola, seja política ou de outro xénero.

Para todo home sua nacionalidade é, ante todo, seu país, sua terra: a lingua, os costumes, a tradición, fican afundidas neste termo do que arrincaron.

Basándonos, pois, nos progresos da cultura, coidamos o mais urgente impor un "senso geográfico", pois el alumeará a nosa historia, o noso dreito, a nosa personalidade... Entón, cando nos decatemos das razóns científicas que valeu mais que todos os sofismas políticos, polas que Euskadi, Cataluña e a nova Galicia son extrañas á altiplanicie, árida e irta, na que vive o domeador, o noso credo fecundo e patriótico erguerase triunfal.

E voltaremos sobre o tema. E moito interesante. E, ademais, hórnanos grandemente parolar inda que seja por meio da pluma con home tan sabido, culto e virtuoso como o Padre Atanasio López. Dele, só bos consellos teremos que agardar.

## POLA AUTONOMÍA

### Palabras de Joaquín Costa

"Ao estado de parálisis e de soñolencia en que temos caído como nación, é de lel alumear todo manantial d'enerxía latente que por sorte poida existir nela, para que con o estímulo de seu o corpo social realicione e quizais refágase e esperte a unha nova vida; e a restauración das regions poidera ser unha desas fontes fechadas, onde algúns fios d'auga corran baixo terra e agarden o golpe de sacho restaurador que lles poña chao o camiño da superficie. En todo caso, teríase conjurado un perigo bon que quizais vimos já topando. Aquele a quen ténsele secuestrado seu dreito, e atopa xordos todos os ouvidos para as suas queixas e as suas reivindicacións, acaba por alritarse e pasar na sua demanda o límite do justo, que antes lle habríase satisfeito e a pouco, trocado en convencional amor propio, já non admite parlamento nen transición, senon que o quere todo, e o que é pior, de propia man: apreixámoslle totalmente aos antilláns o seu, que era a autonomía e os antilláns recadaron já non a autonomía, senon a independencia. E non é cousa de esquecer que os homes de aquí non son de freba diferente que os de Cuba, e que non fallan yanquis na Europa..."

### Palabras de Salmerón

"No pouco que conezo en Cataluña, formel opinión que—como Euskadi—é un anaco d'Europa asovalado polas leises e escravizado polos costumes d'un país africano.

Juntos Cataluña e o resto d'España somellanse ao heterogéneo tiro d'un carruagen que se compuñera d'un poltro fogoso, chelo de vigor e de forza; veloz e resistente, e un magro e débil jamego, derrengado e tremoso, de camiñar pasenño e respiración difícil. E un verdadeiro suplicio condenar ao organismo novo e forte, con arelas de vida, a se sujetar ao réximen d'arí vello caduco, cadaver ambulante que vacila e trema a cada paso. E lógico e razoável que queira Cataluña emanciparse e vivir en esfera mais ampla de liberdade e progreso que a do estreito e cativo ideal de vida imposto polo favoritismo español..."

### CONTOS DE FAMA

## O galo de Sócrates

Por Leopoldo Alas (Clarín)

Critón, despois de pechal-os ollos e a boca ó mestre, deixou os demais discípulos en torno do cadavre, e saíu do cárcere, disposto a cumprir o mais axilosa posible o derradeiro encargo que Sócrates lle fixera, tal vez bulra bulrando, pro qu'él tomaba o pe da letra na dúbida de si era serio ou non era serio. Sócrates, ó espirare, descubriéndose, pois xa estaba cuberto pra esconder os seus discípulos, o esputáculo vulgar e tristeiro da agonía, dixera e fora as suas derradeiras verbes:—Critón,

debemos un galo a Esculapio, non te esqueza de pagar esta débeda—E non falou mais.

Pra Critón aquela recomendación era sagra: non quería analizar, non quería ensaminar si era mais verosímil que Sócrates solo quixera decir un chiste, algo irónico tal vez, ou si se trataba da derradeira vontade do mestre, do seu derradeiro desexo. ¿Non fora de cote Sócrates, pesi-a calofia d'Anito e Melito, respetoso pra co culto popular, a relixión oficial? Certo que lles daba ós mitos (que Critón nonch amaba elsi, por suposto) un carácter simbólico, filosófico moi subríme e ideal, mais antre poéticas e transcendentais paráfrasis, elo era que respetaba a fe dos gregos, a relixión positiva, o culto do Estado. Ben o amostraba un fermoso episodio do seu derradeiro discurso, (pois Critón notaba que Sócrates ás veces, á pesar do seu sistema de preguntas e respostas es-

quecía dos interlocutores, e falaba longo e tendido e mol pol-o frorido).

Pintara as maravelas do outro mundo con pormenores topográficos que mais tiñan de tradizional imaginación que de rigurosa dialéutica e austera filosofía.

E Sócrates non dixera qu'él non crese en todo aquilo, anque tampouco afirmaba a realidade do descrito co'á obstinada seguridade d'un fanático; mais isto non era de estrañar en quen, aínda respeito das propias ideas, como as que espuxera pra defendere a inmortalidade da yalma, admitía con abnegación das ilusións e do orgulo a posibilidade metafísica de qu'as cousas non foran como el coidada. En fin que Critón non creía contradecir o sistema nin a conducta do mestre, buscando canto antes un galo pra ofrecérllo ó deus da Medicina.

Como si a Providenza andivera no allo, en canto Critón alonxouse unhas cen pasos da prisión de Sócrates, ollóu, derriba d'un balado n-unha especie de placía solitaria, un galo fachendoso, d'espréndido plumaxe. Acababa de choutar dende un horto ó cabaleta d'aquel muro, e preparábase a choutar á rua. Era un galo que fuxía; un galo qu' emancipábase d'algunha triste escravitude.

Conocéu Critón o intento da ave de corral e agardóu a que choutase á placía pra perseguillo e collelo. Metéraselle na testa (porque o home, en escomezando a transír con ideas e sentimentos relixiosos que non alcontra racionais, non para até a superstición mais pueril) qu'o galo aquel, e non outro, era o que Esculapio, ou sexa Asclepias quería que se lle sacrificase. A casualidade do alcontro xa a achacaba Critón á vontade dos deuses.

O parecer, o galo non era do mesmo modo de pensar; porqu' en canto notóu qu'un home o perseguía escomezou a correr batindo as ás e cacareando pol-o baixo, mol encabuxado sin dúbida.

Conocía o bípido perfectamente ó que o perseguía d'ollalo non poucas veces no horto do seu amo discutindo sin fin sobor do amor, a elocuencia, a beleza, etc., etc.; entramentras él, o galo, seducia cen galíñas en cinco minutos, sin tanta filosofía.

"Pro boa cousa é, iba pensando o galo, entramentras corria e se dispoñía a voar, o que puidera, si o perigo arreclaba; boa cousa é qu'istos sablos qu'aborrezo s'empeñen en verme por seu, contra total-as leises naturaes, qu'eles deberan conocer. Bonito fora que despois de celbarme da inguantable escravitude en que me tiña Gorgias, caera inmediatamente en poder d'iste pobre diaño, pensador de segunda man e moito menos divertido qu'o paroleiro do meu amo.

Corría o galo e iballe derriba o filósofo. Cando xa iba a botarlle a man, o galo bateu as ás, e dígase d'un voo, dígase d'un pulo, púxose por esforzo supremo do pánico, sobor da testa d'unha estatua que representaba nada menos que Atenea.

—Ouh, galo irreverente!—berrou o filósofo, xa fanático Inquisitorial, e perdóese o anacronismo—E acalando con un sofisma pseudopiadoso os berros da honrada conciencia natural que lle decía: non roubes ise galo, pensou: "agora si que, pol-o sacrilexio, merecel-a morte. Serás meu, irás ó sacrificio."

E o filósofo posíase de puntillas; estrábase canto podía, daba pulos cortos, ridículos; mais todo en van.

—Ouh, filósofo idealista, d'imitación!—dixo o galo en grego digno do mesmo Gorgias; non te molestes, non voarás nin o que voa un galo. ¿Qué? ¿Espántate qu'eu seipa falar? Pois ¿non me conoces? Son o galo do corral de Gorgias. Eu conózote a tí. Eres unha soma. A soma d'un morto. E o destino dos discípulos que

obrevivén ós mestres. Fican acó, a maneira de larvas, pra asustar á xente mluda. Morre o soñador inspirado e fican os discípulos alicortos que fan da poética idealidade do subríme vidente unha causa mais do medo, unha tristeza mais pro'ó mundo, seperstizón que se petrifica.

—Silenzo, galo! No nome da Idela do teu xénero, a natureza mándache que cales..

—Eu falo, e ti cacareas a Idela. Escolta, falo sin permiso da Idela do meu xénero e por habilidade do meu individuo. De tanto ouvir falar de Retóricas é decír, do arte de falar por falar, adprendín algo do oficio.

—¿E pagas ó mestre fuxindo da sua veira, deixando a sua casa, arrenegando do seu podere?

—Gorgias é tan tolo, si ben mais ameno, como ti. Non se pode vivir xunto de semellante home. Todo o prola; e iso aturde, cansa. O que *demostra* toda a vida, délxaa hoca. Saber o por qué de todo é ficarse coá xeometría das cousas e sin a substancia de nada. Reducí-o mundo a unha ecuación e déixalo sin pes nin testa. Mira, valte, porque poído estar declindo cousas eisi setenta días con setenta noites: lémbtrate que son o galo de Gorgias, o sofista.

—Ben, pois por sofista, por sacrílego e porque Zeus o quer, vas a morrer. ¡Date!

—¡Nones! Non nasceu o idealista de segunda mesa que me poña a man derriba. Mais ¿a qué ven isto? ¿Qué crueldade é isto? ¿Por qué me persigues?

—Porque Sócrates ó morrer encarregoume que sacrificara un galo a Esculapio, en aución de gracias porque lle daba a saúde verdadeira, celbándoo pol-a morte, de todol-os males.

—¿Dixo Sócrates todo iso?

—Non; dixo que debíamos un galo a Esculapio.

—De xeito qu'o demais figúralo ti.

—¿E qué outro senso, poden ter isas verbes?

—O mais benéfico, O que non custe sangue nin coste errores. Matarme a min pra contentar a un deus, en que Sócrates non creía, e ofender a Sócrates, alear os deuses verdadeiros... e faguerme a min, que si eisi, e son inocente, un dafío inconmensurable; pois non sabemos nin todo o dór nin todo o perxuízo que pode haber na misteriosa morte.

—Pois Sócrates é Zeus queren o teu sacrificio,

—Repara que Sócrates falou con ironía, coá ironía serea e sin fel do xenlo. A sua alma grande podía, sin perigo, divertirse có xogo subríme de maxinar armónicos a razón e os ensaios populares. Sócrates, e todos os creadores de vida nova espiritoal, falan por símbolos, son retóricos, cando, *familiarizados* con o misterio, respeitando néle o inefábel, lle dan figura poética en formas. O amor divilno do absoluto ten ese modo de beixar a sua alma. Mais repara cando deixan este xogo subríme e dan leiclos a o mundo, canto austeras, lacónicas, limpas de toda imáxen son as suas masimas e os seus preceitos de moral.

—Galo de Gorgias, cala e morre.

Discípulo indigno, valte e cala; cala sempre. Es indigno dos di tua patulea. Todos iguaes. Discípulos do xenlo, testigos xordos e cegos do subríme solloquío d'unha concencia superior; por ilusión sua e vosa, crédes inmortalizar o recendo da sua alma, cando embalsamades con drogas e por recetas a sua doutrina. Facedes do morto unha momia para ter un idolo, Pedrificades a idea, e o sotíl pensamento utilizádelo como fio que fai correr o sange. Si; es o símbolo da triste humanidade seiteara. Das derradeiras palabras d'un santo e d'un sablo sacades por primeira consecuencia a san-

que d'un galo. Si Sócrates houbese nascido para confirmar as supersticlos do seu povo, nin tería morto polo que morlu, nin tivera sido o santo da filosofía. Sócrates non creía en Esculapio, nin era capaz de matar unha mosca e menos aínda un galo, por seguirle o humor aó vulgo.

—Eu ás palabras atéñome. Date...

## NESTA HORA CRÍTICA

### ÍNDICE DE PENSAMENTOS TRASCENDENTES

Todo canto hoje imos apuntar, temos propósito de estudalo en artigos sucesivos. Nelo vai envolto o pensamento galleguista novecentista en relación con esta hora crítica para a humanidade. E a voz da nova Galicia contrastando con a vella que morre de apodrecida. ¡Ai dos gallegos que agora non pensen! Ciencia, arte, historia... A vida pide mais de momento a berros.

\* \* \*

A guerra vai já de romate. ¿Pensástedes no no que esto significará?

a—O reconecemento das nazionalidades naturales.

b—Que este reconecemento terá que ser o camiño da paz do mundo, pois non pode haber paz namentres unha nazionalidade asoballe a outra.

c—Que as nazionalidades naturales serán á sociedade de nazons o que o cidadán ao Estado. Non hai cidadans do mundo: hai cidadans do Estado, e este asociarase con os mais Estados nunha federación mundial.

d—Que para que Cataluña, Baskonia e Galicia, sintanse representadas despois da guerra polo Estado español, fai falla que dentro de aquele se chegue ao reconecemento das personalidades nazonaes en toda a sua plenitude.

e—Que nosoutros non aprovaremos o que internacionalmente acorde o Estado Español se este néganos a nosa liberdade; e como non debemos renunciar a conquerra, pensamos que despois da paz poderemos utilizar a forza e a intervención da sociedade de nazons, para chegarmos á liberdade, se as hordas centralistas alleas a realidade siguen mandándonos.

\* \* \*

Terán que ser fondas as transformaciós do réximen obreiro na *post-guerra*.

Os obreiros que cheguen das trincheiras consagrados non se resignarán a seguir sendo parias.

Finarase entón a antinomia de patronos e obreiros.

A participación nos beneficios imporase en todas as partes: onde sejan muitos obreiros nas fábricas e difícil o reparto, recibirá o sindicato obreiro o tanto que lle corresponda a todos e adicaralos aos fins comúns. O réximen de folgas romatarase tamén porque a periclión de regular a situación internacional da economía imporá o arbitraje obrigatorlo.

\* \* \*

A educación da muller preocupa hoje a alemáns, franceses e ingleses. Non digamos já ós norteamericanos, pois na República da Unión a muller desde fai tempo ten voto.

Os galleguistas falamos de esto moitas veces e ninguén nos deu créto.

Pois ben: Cataluña já organizou escolas de estudos para a muller. ¿En que pensan aquí os catalinos das diputaciós e os políticos?

O problema feminista, agora comenza a resolverse nos povos civilizados.

\* \* \*

Franca ten o proieto de fomentar unha

Crítón buscou unha pedra, atrouna, e da cabeza do galo saliu sangue...

O galo de Gorgias *perdeu o sentido*, e ao caer cantou polo ar, dicindo:

—Quiquiriqui! Cúmprase o destino; fágase en min según a vontade dos imbéciles.

Pola frente de mármore branco de Palas Atenea esbarava o sangue vermello do galo.

emigración de 500.000 españoles ao ano logo que fine a guerra, para repovoar o desfeito polas loitas sanguifientas.

Aquí non se prepara a cultura da muller, nin a da terra, nin siquera a do home. ¿Onde imos? Somos un país descomposto cando os demais se compoñen?

\* \* \*

Non caiu o Gsberno. Se calra seríamos o mesmo. Fora de algo que fixeron Cambó, Ventosa e Maura, o demais da noxo.

En Galicia con o Goberno "nazional", seguiron mallando como de cote. So o despertar do nazionalismo e a juntanza de marifeiros, obreiros, labregos e intelectuaes de certo pode salvarnos quizais nunha labarada revolucionaria que vai vándose enriba.

\* \* \*

Romatouse o militarismo e o imperialismo. Aos tres anos da paz será unha *rara avis* o home con unha espada no cinto,

\* \* \*

Pensando como Gantvet, cremos que as relacións entre España e as nazons ibero-americanas no deben seguir regíndose polos principios do dreito internacional; ao contrario, deberá de fuxirse de todo acto político que tenda a lgoalar aquelas relacións con as que España sostén con povos de diferente oríen. Non hai, non pode haber dreito público interfamiliar aplicable ás relacións de Estados pertencentes a un mesmo tronco.

Por iso cando teñamos Gsbernos con senso propio, o da "doble cidadanía", que piden nosos irmáns emigrados, mais prácticos que os políticos, será un feito.

E já vedes como o progreso de España exige a reforma da Constitución. Como país constituido somos a morte, a negación de todo; só pondonos en jeito constituyente podremos salvarnos.

Tambén nos preocupa Portugal, cuja independencia é a defensa da nosa personalidade natural e espiritoal.

\* \* \*

Estes son os estudos gallegos que hay que faguer: *estudios en acción*. Os pasivos non urgen de momento. E estes estudos até agora ninguén mais que os galleguistas os venían facendo.

Os flamejantes Institutos que teñen por fin lisdradas persididas por un rei, non responden actualmente a una exlgenca real.

Non pensan neste tan serio nen eses Institutos nen os jornaes gallegos. Pensamos nós samente.

En toda Europa e América chámase "gripe española" á doenza epidémica actual.

¿Será este o único "valor" que España poida escribir no gran capítulo da historia do mundo que agora se vai facer? ¿Será ese todo o fruto da nosa neutralidade emporcada con a vaselina de Dato e as parverias de Besada, Bugallal e Alhucemas?

## PAZ E LIBERTADE

A data do 12 d'Octubro, na que se relembra a efemérides do descubrimento do Novo Mundo, que marcou a idade Moderna, desde agora terá que ser dúas veces obxecto de lembranza para a humanidade.

Nesa data—poucos días fai—os imperios centrais acetaron as proposicións para a paz, impostas polo presidente Wilson, que se erguerá na historia con o carácter dun "héroe" de Carlyle e dun "home representativo" de Emerson.

Paráse ou non definitivamente a paz, mas, con todo, o comenzo do fin da loita fero e sanguinosa que esnaquizou tantos povos e causou tantas vítimas já se olla craro desde aquela data inequívoca.

Veña noraboa esa paz ían cubizada e arefada na que se ofrece ao mundo enteiro a condenaación do imperialismo e o guerreirismo e a promesa de liberdade das nacionalidades naturais asovalladas pola forza negadora do dereito.

¡A alborada dunha era nova alumea a Terra!

## DO ÍNTIMO

Eu tiven unha discusión c'un rapaz patrioteiro con ribetes de Marcha de Cádiz.

O bon do rapaz, ten as súas ideas sobor rexionalismo; o seu rexionalismo é unha especie de guiso besadista.

Pra el o rexionalismo e xogar á chave, decirlle *buenas tardes* ós paisanos e asistir a todas as romerías dos contornos.

Quedouse aparvado cando eu dixenlle que as arelas nazionalistas eran mais de goberno propio que de bon goberno, iste viría dempois como lóxico consecuencia.

O escoitar isto, olloume d'outo en baixo, fixo un forte esforzo mental pra me contestare, e non sei si por non querer, ou por non poder expresarse, lanzoume á faciana, unha verbe na que quixo poñer toda a súa indignación... ¡Anti-español!

Dempois d'iste verbe pernunciado c'o tono d'unha maldición, quixo aplastarme, lanzando sobor de mín todo o peso da Historia d'España.

¡Malpocado! O que'l leera non era a Historia d'España. A hexemonía castelana non a deixa es-

cribire; soio consinte que sea conecida a Hestoria de Castela.

Si eisi non fora el houbera lido trechos grorosos da Hestoria de Galicia, qu ollados ó través da de Castela, non son mais que «triumfos sobre los levantiscos gallegos alzados en armas».

Si a Hestoria qu'o rapaz patrioteiro lera fose algo mais qu'a Hestoria de Castela, nós, os nazionalistas, teríamos que rachar moitas páxinas dos tempos que foron, i-esquirbir co noso sangue, outra novas pr'o período contemporáneo.

O Medallio. A Frouxeira. Carral...

A Cruña

UN IRMÁN.

## A FESTA DA RAZA

### ¡Hai tantos como os lugueses!

En Lugo quixeron celebrar a Festa da Raza con un certame no que asialábase premio para unha poesía en castelán.

Pero jos de Lugo son de raza castelá?

¡Seique sinten vergoña de seren gallegos! Non, escravos dun centralismo de séculos; os gallegos somos da nosa raza: gallegos, e, etnográficamente, dentro da relativa pureza que pode haber aínda nos povos, mais parentes dos irlandeses e dos portugueses e brasileiros, que dos fillos de Castela, Andalucía, Aragón, Extremadura, Euskadi, Valencia e Cataluña.

A nosa raza, e a mais europea da España. Axiña demostrará todo isto cientificamente un irmán noso.

¡Pobre Galicia se non houbera nela mais que gallegos desleigados! ¡Pobre Galicia se agarda ser grande un día samente polo seu progreso material!

Já o dixi Cambó: "por moito que progresen económicamente os povos, se non teñen un ideal espiritualista e un sentimento histórico, acabarán por morreren."

Ben fixo o presidente da Mancomunidad catalana, Pulch e Cadafalch negándose a colaborar na Festa da Raza castelá en Barcelona.

## Nos nosos amigos

A causa das tristes circunstancias porque vimos atravesando estos derradeiros tempos—e que inda no finaron do todo—A NOSA TERRA tivo que trocar as datas de saída e sufrir algunhas irregularidades que agora se corregrán radicalmente.

Para a necesaria normalización no adiante publicarase A NOSA TERRA os días 5, 15, e 25 do mes.

Como órgano oficial do galleguismo, desde agora recibirá inspiración dun Directorio feito polos enxebres significados de toda Galicia.

Nas nosas columnas siguirán tendo liberdade para falar no senso que queiran sempre que non falten á boa crianza, cantos, sabendo escrevir respondan con a súa firma.

Os traballos non firmados serán os únicos que se ajeiten ao criterio do Directorio galleguista.

A forza do galleguismo cada día maior e que axiña val reflejarse en feitos soados, será posta ao servizo do milloramento deste boletín trocado nun completo e histórico idearium de canto vale na nosa terra.

Veñen recibíndose traballos para o concurso literario.

## Notas de releve

O segredario do Municipio de Vigo, nunha folia de propaganda daquela cidade que publicou *O Sol* de Madrid, dí: "A nosa é a única gran vila española que non ten plaza de touros, nen a quere. Se ao prezo do embrutecemento dos nosos paisanos lamos a aumentar os nosos ingresos, facemos ben en prescindir deles: ademais que un día de boa pesca produce mais a Vigo que a millor corrida."

¡Ben pola nosa gran cidade atlántica! Adeprendan dela eses flamenquistas parvos e ridículos de moitas vilas gallegas. Adeprendan

### 3) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

## PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Cruña, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

Outros autores, esta civilización non era debida aos latinos. Nefecto, a chegada dos fenicios para a esprotación das minas que aquí había d'abondo debeu modificar os costumes e agrandalo progreso do noso pobo. D'eles ven o canto do alalá, o perfeccionamento dos baixés, a erección de faros, a mellora dos aperos de labranza, a fabricación dos queixos e outras cousas de utilidade práctica.

Seguiu aos fenicios a colonización grega que se remonta aos tempos de Troya. Eran os gregos un pobo comercial, navegador e guerreiro, e nas artes, letras e ciencias, o mais adiantado naqueles remotos séculos, e aquí en Galicia, traficaron, fundaron factorías, vilas e cidades e deixaron non samente moitas voces do seu idioma sinon tamen recordos dos seus costumes. A frauta, o dengue, que inda hay poucos anos gastaban as mulleres das nosas aldeas, a alborada, a broa, as chorandeiras, etcétera, programan seu orixe helenico.

O ano 441 antes da nosa era, o goberno de Cartago, potente república de África, tamen comercial e guerreira, mandou a Galicia unha grande escuadra para estableceren factorías que surtisen á metrópoli de gado, e sobre todo de estano amare-

lo que era muy cubizado. Entraron en relacións ambos a dous pobos, e despois de incomodos e de guerras, quedaron amigos e auxiliaron ao grande Anibal nas súas expedicións. Silio Itálico celebra o xenio marcial dos gallegos, e refire que os homes non adeprendían outra cousa que os empregos de guerra, cantando dende nenos as valentías dos seus maiores, postas en verso na lingua materna, entoandoas ao son dos escudos compasadas c'o movimiento dos pés; pero algo mais debían de saber os que fixeran aquel manífico broquel, o forte casco, a espada de aceiro, a ferruda lanza, e a couraza de triple tecido con nudos d'ouro, maravilla artística de resplandecente bronce que presentaron ao mais grande capitán cartaxinés como bélica ofrenda ante dos muros de Sagunto.

O desastre de Zama barreou da Península os cartaxineses, pobo culto tanto ou mais que Roma. A desgracia de Cartago arrastrou Galicia á guerra pol-a súa independencia que finou na traxedia do Medullo, e daquela foi convertida en provincia romana.

O calar dos historiadores respecto das nosas cousas; a admiración que causou no mundo a grandeza do imperio romano e causa aínda hoxe entre moitos, o seu recordo, foron motivo de que se cuidase que os gallegos da antigüidade eran pouco menos que semicivilizados e que deberon a súa cultura á dominación latina como denantes dixemos sostén Estrabon; pero isto é un erro que conven poñer en craro. Galicia, á chegada dos romanos, pódese asegurar que estaba tan civiliza-

da como eles. Tiña cidades relativamente grandes e florecentes, unha agricultura adiantada, industrias, bos camiños, navegación mundial, un comercio estendido e gran riqueza, que non en van traficaba e se relacionaba coas nacións mais civilizadas, tanto é así, que os latinos nada fundaron en Galicia. O que fixeron foi latinizar os nomes das vilas e lugares e algunhas obras públicas, inda que dudemos se estas as fixeron eles ou os naturá, pois cando vemos que os gallegos estaban tan adiantados nas artes da imitación, cando executaban nos metás as obras mais perfeitas que a pintura podía ter creado e os pulían de maneira primorosa; cando os habitantes gastaban vestidos adornados e ricos e artísticas xoyas; cando o pobo sabía premial os héroes que ispiran respeto e cariño, é indudable que este pobo ten—como di muy ben Martín de Padín—unha civilización muy avanzada.

Galicia pol-a conquista que d'ela se fixera perde súa personalidade xurídica; cai, como si dixeramos, nas más de un tutor. O vencedor imponlle leises, idioma e relixión e cargalle tributos; pero un acontecemento maravilloso bentado pol-os profetas, e esperado pol-os pobos, anunciábase ao mundo; acontecemento que iba trocal-a face do orbe. Os tempos pasaran e o momento asialado para o nacemento do Salvador chegara xa. Unha reforma radical da sociedade imponíase. A atmosfera corrompida do paganismo debía de ser purificada, moralizándose aqueles feios costumes e facer comprender aos poseídos de cego orgullo que todol-os homes son iguais ante Dios, dende do

os santiagueses que ergueron diante do monumento de Rosalía, facéndolle un aldraxe, un circo taurino, sen protestas da cultura universitaria. Adeprendan os lugueses que ollan un símbolo honroso no analfabeto *Celita*. Adeprenda tamén a Cruña.

Que chegue a presa o día no que poida de- císese: Galicia e a única región da España onde non hai touros nen flamenquismo. Já para a nosa sorte, é onde menos plazas e corridas se registran, Por que a nosa raza nada ten que ver con a casteláa.

\*\*\*

Doña Remedios Cabezas de Montenegro e o seu esposo, suscribíron espontaneamente a cantidade de *cinco mil pesetas* en alcíós entregada no acto, e dicindo que suscribírian máis si fixera falla, para que os labregos de Narón que loitan contra o caciquismo noxento da- quíele ricuncho, teñan domicilio social propio, mercando a casa do Municipio con catro ferra- dos de terra chela de bos árbores frutaeas.

¡Que imiten todos os que se chaman cris- tianos e amigos da justiza o exemplo dos seño- res de Montenegro.

### Peneirando...

O Sr. Portal Fradejas, n' *El Debate*, de Madrid, escriveu un artigo que ele di ser o primeiro dunha serie, sobre *Regionalismo gallego*.

Falando das «Irmandades» afirma que son *filoló- gicas e financieras*.

Se non fosen mais que iso, ben pouca cousa se- ría de certo

As «Irmandades»—ben o sabe o Sr. Portal Fra- dejas—son escolas vivas de nazonalismo. No cora- zón dos que nelas traballan a Patria gallega latexa redenta.

As «Irmandades» non acetan ningunha incondi- cionalidade, por sagrada que pareza, ante a que a libértá completa de Galicia teña que pregarse.

Queren a nación gallega con toda a persoalidade que lle corresponde. Queren, como alma necesaria, sen a cal o nacionalismo non é nada, o idioma, Queren o Goberno propio. Queren o desenrolo da nosa economía a base do libre cambio incompatible con coasi todo o resto da España. Queren inteli- gencia galaico-portuguesa, Queren crear unha von- tade colectiva de expansión pangalleguista. Sinten apreixada e irredenta sua terra.

De maneira que as «Irmandades» son mais do que coída o Sr. Portal Fradejas. O único gran sen- timento e o único gran pensamento que houbo en- dexamais en Galicia.

\*\*\*

Constituíuse un Instituto de Estudos Gallegos na Cruña.

¡Pero non se constituira já o ano pasado?

Parecenos que sí. E aquele Instituto, o mesmo de agora, non servirá para nada

Porque o que néle estúdese, ja se ven estudando na «Academia Gallega». Servirá para erguer vani- dades e para apoiar *inconscientemente* ao centralis- mo. Será enmígo do noso idioma. Polo mesmo amigo da despersoalización de Galicia.

Mas todo isto non é o objeto do Instituto. E outro aínda. E cousa de imitación. Mas de mala imitación ou de imitación do malo.

Porque o Instituto de Estudos Gallegos—valeiro do espírito que tivo o de Ribalta—non semellaráse nen ó de Euskadi, nen ó de Cataluña.

Será un Instituto que nace con o pensamento de organizar unha gran Asamblea, onde os estudos sejan o de menos e onde as festas collan ben: Un Instituto que ten *por fin*—ou moito nos trabuca- mos—conseguir que o Rei veña a Cruña, como foi a Oñate.

A raíña Galicia, libre e soberana, dentro dunha forte confederación; a terra irredenta, isa... pouco lles importa á maioría de estudantes do novo Ins- tituto.

Verédelo logo.

\*\*\*

Por certo que ao falaren nos jornaes da funda- ción do Instituto, dixeron que era aquela a pri- meira sociedade gallega na que a muller tiña aco- llida.

E non e verdá. As «Irmandades» falaron sempre na defensa dos dereitos femininos. As «Irmandades» teñen no seu Regulamento artigos sobre da muller.

E a «Irmandade» da Cruña, conta mais de cen mulleres asociadas.

Non serve, pois, fallar á verdáde.

TIPOGRAFIA OUREANA LA CORUÑA

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado  
A CRUÑA

## LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

— DE —

RAMOSEACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hi- giénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, locíós e fricíós de todas clases.

*Nota:* N' este establecemento atopará o pú- blico un servíco permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías d' esta capital.

## FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

## GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d' ista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispoñ de telé- fono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Os viños e coñás millores

son os qu' eisporta a casa de PEDRO DOMEcq, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sonda é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndid' lícore s'ua rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com' ós dos cosechelros eisportadores S' res. R. LÓ- PEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.— MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos grá- ficos, en imprenta, lito- grafía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

**Fillos de A. Barceló (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de vinhos seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As máis fortes, millores e máis económicas cubertas, son as

**PALMER****Depósito xeneral en Galicia****Real, 20 — A Cruña****NAZIONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIMACION REXIONAL  
(2.<sup>a</sup> EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.—Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.<sup>o</sup>—Cruña.—Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a metade do prezo sinalado.

**!GUERRA AOS CALLOS!**

Callos, Sabaños e Ollos de galo  
cúranse co

**Bálsamo Oriental**

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Frabricantes: **Prudencio López e Fillo - Jerez**  
Repesentante: **Manuel Sánchez - A Cruña**

De venta n'as boas Boticas

**Obras portuguesas en portugués**

As milores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camoes

Tamén as principáes de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.<sup>a</sup>

RUA REAL, 49.—A CRUÑA

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no no máis céntricos da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual l esmerado, e asistencia facultativa pol o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

**MONTERO E COMPAÑÍA**

Oficina téctica e almacén de venda:

**Rúa de Emilio Castelar, 8**

Depósitos:

**Calle del Castillo, 12—Lugo**

Direitor:

**D. FERNANDO M. DOIZTUA, Inxeniera**

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proxectos e construcións

PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

**Consultorio Médico-Quirúrxico.****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDAES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia  
Reumatismo, Artritis deformantes  
Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete l isoterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.<sup>o</sup> (esquiña a Picavía)  
**A CRUÑA**


**VIÑOS FINOS****RIOXA = MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA = A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****Servicios directo desde o porto da Cruña****LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana.  
Veracrús

Ptas. 298'60  
313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto total-as tarrxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.